



Ref.- AEG/axps

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE EXALCOHÓLICOS DE FERROLTERA, PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADICTIVOS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Asociación, de programas de intervención de asistencia sanitaria especializada e a atención desde un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos atendendo á planificación e criterios, guías e procedementos establecidos polo Servizo Galego de Saúde. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra veñen colaborando dende hai anos co obxecto de atender a demanda de pacientes con trastornos relacionados co alcohol, tabaco, xogo e outros trastornos adictivos. A atención comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia en coordinación co sistema de servizos sociais.

Para tal efecto, a asociación colaborará cos servizos de saúde na atención integral e coordinada destes pacientes especialmente no tocante a patoloxías de elevada comorbilidade como as enfermidades transmisibles e a enfermidade mental.

Os usuarios contarán cun programa de tratamento actualizado que atenda as súas circunstancias de saúde e sociais, introducindo aqueles aspectos necesarios para dar respostas aos colectivos de maior vulnerabilidade e atendendo a perspectiva de xénero no desempeño das súas actividades.





Co fin de acadar unha maior concienciación nesta materia por parte da cidadanía e de mellorar a formación dos profesionais implicados no tratamento destes pacientes, o equipo asistencial colaborará no desenvolvemento e deseño do Plan Anual de Formación previsto no Plan de Trastornos Adictivos da Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

